

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



FILOMENA DATO

(Ourense 1856 - A Coruña 1926)

Filomena Dato foi unha escritora,
poeta, oradora e feminista galega.

Filomena colabora en xornais
e revistas como o *Heraldo Gallego*
ou *Álbum Literario*.

Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

En galego publica unha única obra de recompilación de poemas
chamada *Follatos*; nesta obra fai unha alegación do papel da muller
fronte aos estereotipos existentes a finais do século XIX.

Follatos comeza co poema "En defensa das mulleres",
considerada unha das primeiras obras feministas da nosa literatura.

En 1906 accede ao posto de académica
correspondente da Real Academia Galega.

E ti, queres saber máis?

A súa única obra
en galego *Follatos*
comeza co poema
“En defensa das mulleres”.

MULLERES GALEGAS

procura

Neste poema, Filomena Dato fai unha alegación pola igualdade das mulleres reivindicando o seu papel na historia.

VI

*'Os que negan â muller
intelixencia e talento,
a millor contestaceon
cicais que fose o disprecio.*

Filomena Dato
Fragmento do poema “En defensa das mulleres”

Procura información sobre as seguintes mulleres galegas
que destacaron ao longo da historia:

María Pita, Exeria, María Castaña, María Balteira, Isabel Barreto.

Nas conferencias
dadas por Filomena Dato
sempre defendía
a igualdade no traballo
entre homes e mulleres.

MULLERES GALEGAS

colorea



Colorea esta
muller labrega
que vai ás patacas

Filomena Dato admirou profundamente a Rosalía de Castro, á cal dedica un poema.

MULLERES GALEGAS

le e contesta

Le atentamente e contesta:

*A Rosalía de Castro:
Non é llótrego hermoso
É luz perenne e crara,
A luz con que alomeas
¡Oh sol da miña patrea!
E luz que sempre brila
Y-o tempo non apaga*

*Fragmento do poema dedicado a Rosalía de Castro
de Filomena Dato.*

Como ves, foi escrito hai moito tempo e observarás as diferenzas co galego que falamos hoxe. Escribe de novo o poema conforme ás regras ortográficas que empregamos actualmente.

Sabes quen foi Rosalía de Castro? Pescuda na rede e atopa algunha obra realizada por ela.




Filomena Dato viviu e pasou tempadas en diferentes vilas galegas como Ourense, Pontevedra, Bergondo e A Coruña.

MULLERES GALEGAS

sinala

Sitúa no mapa cada unha destas localizacións



Lourizán

¡Ay Lourizan! meu encanto
 aldea acurrunchadiña
 que tes pra gala y-espello
 ôs teus pés a crara ria,
 (...)

Fragmento do poema *Lourizán* de Filomena Dato.

GALICIA

Neste encrucillado aparecerán agochados diferentes termos relacionados coa vida de Filomena Dato.

MULLERES GALEGAS

encrucillado

Horizontais:

- 1 - Libro en galego escrito por Filomena Dato.
- 7 - Dedícalle un poema a unha escritora galega chamada
- 9 - Formou parte da Real Galega
- 11 - Nace na cidade de

Verticais:

- 2 - Colaborou na publicación Gallego.
- 4 - Foi unha defensora do movemento
- 8 - Colabora na publicación Literario.
- 11- Morre na cidade da

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1											
2											
3											
4											
5											
6											
7											
8											
9											
10											
11											

Compraba
as túas
actividades.

MULLERES GALEGAS

soluciona

encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1				F	O	L	L	A	T	O	S
2				E				L			
3				M				B			
4				I				U			C
5		H		N				M			O
6		E		I							R
7		R	O	S	A	L	I	A			U
8		A		T							Ñ
9		L		A	C	A	D	E	M	I	A
10		D									
11		O	U	R	E	N	S	E			

